

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de  
Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruíz, María Isabel  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Tabarés, José Luis  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rubio Armesto, María Belén  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel  
Valderrama Santomé, Mónica

### DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel  
Cruz González, M<sup>a</sup> Montserrat  
Currás Valle, Consuelo  
Ferro Soto, Antonio Carlos  
García Cutrín, Francisco Javier  
Garrote Velasco, Gil  
Montero Reguera, José Francisco  
Pardo Froján, Juan E.  
Reboreda Morillo, Susana  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Torres Romay, Emma

### PDI-A

Collazo Fernández, Antonio  
Falagán Mota, Jorge  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
Paz Penín, Concepción  
Pazos Arias, José Juan  
Peña Gallego, M<sup>a</sup> de los Ángeles  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Rivo López, Elena  
Siota Álvarez, Mónica

### ESTUDANTES

Carro Parafita, Pedro Manuel  
Couto Cancela, Daniel  
Diz Folgar, Manuel  
González López, Raquel  
Ramos Vázquez, Antonio Manuel

### PAS

Cebro Rodríguez, Xoan  
Estévez Orge, Marcos  
Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL

Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María  
Pérez Gómez, Luis  
Ríos Santomé, M<sup>a</sup> José

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Calviño Rodríguez, Xulio  
Díaz Redondo, Rebeca Pilar  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Lantarón Caeiro, Eva María  
Lavilla Beltrán, Isela  
Lorenzo Rodríguez, Edita de

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 14 de maio de 2021, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 14 de maio de 2021 comeza a sesión, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e outros membros do equipo de goberno asisten presencialmente no Paraninfo, xunto coas persoas que así o solicitaron con carácter previo. Os restantes asistentes conéctanse en liña, sen que consten particulares incidencias. Permítese asistir virtualmente, sen voz e sen voto, mediante un sistema de streaming con contrasinal por UVigo TV. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

*“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.*

### NORMAS

*Conexión do micro e do vídeo:*

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*
- *Nas quendas de palabra.*

*Intervencións: máximo 5 minutos*

*Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.*

*En cada punto:*

- *Proposta de aprobación por asentimento*
- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*
- *Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento*
- *Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado*
- *Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.*

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día.

### **1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 29 de abril do 2021.**

Non se recibiron propostas de emenda en tempo e forma.

Apróbase por asentimento.

### **2. Informe do reitor.**

O reitor informa brevemente sobre as seguintes cuestións:

- O acordo sobre as titulacións de grao e máster en Intelixencia artificial entre as tres Universidades do SUG.
- A xestión de espazos polo Concello de Ourense para novos edificios.
- O Convenio do programa de maiores coa Consellería de Política Social.
- O Convenio coa UdC para o uso da cidade das TIC por Atanttic e a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.
- As xuntanzas de CRUE: acordos colaborativos cara á ciencia aberta (open science); debate sobre a necesidade de ser catedrático para poder aspirar a reitor; atrancos nalgúns dos títulos integrados.
- Felicita a Isabel Pastoriza polo seu premio á excelencia investigadora.

### **3. Aprobación, se procede, da creación do centro interuniversitario ECOBAS**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación que alude ao documento que foi achegado coa convocatoria que ten como obxectivo recoller a información requirida para iniciar, desde a Universidade de Vigo, os trámites necesarios para a constitución do Centro Interuniversitario ECOBAS, incluíndo os seguintes apartados:

- Antecedentes
- Presentación do Centro
- Contexto científico-técnico e entorno de I+D+i
- Benchmarking
- Análise diagnóstica
- Formulación estratéxica
- Axenda científica
- Organización científica, funcional e de xestión
- Plan de acción
- Plan de viabilidade

A vicerreitora de Investigación continúa detallando os distintos aspectos relativos á creación do centro. Describe as funcións do centro, como actor importante do SUG e unha ampla axenda científica. Encaixa tamén nos programas Horizonte Europa. A sede do centro estaría na UVigo.

A vicerreitora de Investigación sinala os distintos obxectivos estratéxicos do centro, así como os criterios de calidade manexados para propoñer os investigadores garantes do mesmo, así como quen son e a súa procedencia dentro do SUG. Indica o modelo de gobernanza, que contará cunha dirección e máis unha dirección científica. Comenta asemade a axenda científica do centro e algunhas das súas liñas de investigación, así como os proxectos e convenios acadados ata o momento, xunto coas principais publicacións, comparándoo con outros centros de prestixio. Fala da formación, destacando o programa de doutoramento interuniversitario en análise económica, así como o seu mestrado interuniversitario en economía. Continúa facendo referencia á transferencia e ao plan de acción do centro (plan de investigación propostas de mellora, etc...). Finaliza comentando a avaliación externa favorable levada a cabo sobre o plan presentado. O reitor entende que será un centro de excelencia internacional e pide que conste o seu agradecemento a todas as persoas que formaron parte dos traballos.

Apróbase por asentimento.

#### 4. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de doutoramento.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que da lectura ás persoas candidatas aos premios segundo os ámbitos de investigación, tal e como foron propostas polas respectivas comisións:

<b>ÁMBITO ARTE-HUMANIDADES</b>	
<b>CANDIDATO/A</b>	<b>CAMPO CNEAI</b>
1. Manuel Mata Piñeiro	Historia Xeografía e Artes
2. Gabriela Rivera Rodríguez	Filosofía, Filoloxía e Lingüística
3. Rocío Hernández Arias	Filosofía, Filoloxía e Lingüística
<b>ÁMBITO CIENCIAS</b>	
<b>CANDIDATO/A</b>	<b>CAMPO CNEAI</b>
1. Lucía López Hortas	Ciencias da Natureza
2. Jonatan Rodríguez Parra	Ciencias da Natureza
3. Noelia Briz Cid	Ciencias da Natureza
4. Noelia González Ballesteros	Ciencias da Natureza
5. Hugo Santalla García	Química Matemáticas e Física
6. Miguel Alexandre Ramos Docampo	Química Matemáticas e Física
7. Tania Fernández Cruz	Ciencias Biomédicas
<b>ÁMBITO ENXEÑARÍA-ARQUITECTURA</b>	
<b>CANDIDATO/A</b>	<b>CAMPO CNEAI</b>
1. Lorena Rodríguez López	Arquitectura, enxeñaría civil, construción e urbanismo
2. Mateo Ramos Merino	Enxeñarías da comunicación computación e electrónica
3. Anxo Tato Arias	Enxeñarías da comunicación, computación e electrónica
<b>ÁMBITO XURÍDICO-SOCIAL</b>	
<b>CANDIDATO/A</b>	<b>CAMPO CNEAI</b>
1. Tomás Farto Piay	Dereito e Xurisprudencia
2. María Cristina Sánchez Martínez	Ciencias da Educación
3. Violeta Cebrián Robles	Ciencias da Educación
4. Beatriz Gómez Fariñas	Dereito e Xurisprudencia
5. Alba Adá Lameiras	Ciencias Sociais, Políticas e do Comportamento
6. Petr Parshakov	Ciencias Económicas e Empresariais
7. Iria García Lorenzo	Ciencias Económicas e Empresariais

Apróbase por asentimento.

## **5. Aprobación, se procede, da modificación parcial da relación de postos de traballo (RPT) do PAS laboral da Universidade de Vigo.**

O reitor cede a palabra á xerente que expón que, para os efectos de executar a relación de postos de traballo (RPT) do persoal laboral de administración e servizos (PAS) e proceder, consonte ao artigo 19 do II Convenio colectivo do PAS laboral da Universidade de Vigo, á convocatoria do concurso de traslados, de conformidade co artigo 91.2 dos Estatutos da Universidade de Vigo, Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro (DOG nº 38 do 22 de febreiro) propóñense as seguintes modificacións parciais da RPT:

1. Postos co carácter de responsable e postos suxeitos á realización dun concurso de asignación de responsabilidade: a) Suprimir o carácter de “responsable” daqueles postos de RPT vacantes por decaer o concurso de méritos convocado en 2017. Detalla a xerente os postos afectados e a súa situación logo da modificación. b) Eliminar as observacións número 8, 9, 10 e 11 da RPT, así como as notas nos postos afectados. Foi negociada cos comités de empresa e axúntanse os informes un positivo e outro negativo.
2. Reorganización da área de tecnoloxías da información e comunicacións (ATIC). Para afrontar este cambio de estrutura, o primeiro paso consistirá en concentrar ao persoal TIC nunha única área para, partindo dese escenario, iniciar os estudos, análises e negociacións oportunas para acadar a organización máis coherente, eficaz, e produtiva, tanto para a Universidade como para o propio persoal. No seguinte cadro reflíctese a nova disposición da área.
3. Creación dunha praza de auxiliar técnico de servizos xerais (ATSX) no campus de Ourense.
4. Regularización do complemento de dispoñibilidade horaria dos auxiliares técnicos de actividades deportivas (ATID). Procede uniformar a situación deste persoal na clasificación disposta na RPT, polo que se reflectirá a dispoñibilidade horaria no apartado de observacións, e se eliminarán as notas (2) e (3) incluídas actualmente.

Luis Pérez comenta que o informe do comité de empresa de Ourense foi desfavorable e comenta a súa posición. Entende que as modificacións de RPT figuran nos estatutos e no convenio previstas cada dous anos, para situación puntuais. Pensa que non é o que está a ocorrer agora, como sucedeu coa OPI. Cre que nos apartamos do disposto polo convenio e polos Estatutos e indica cal é a súa interpretación dos mesmos. Lembra que o último concurso laboral foi no 2014. Pensa que algunha das modificacións previstas son técnicas, pero outras non teñen este carácter. Detalla a súa visión en cada un dos sectores propostos. En relación coas TIC, pensa que non se fixo nada desde a anulación do proceso en sede xudicial e indica que nesta área non coincide a actual coa prevista en 2016 e que houbo tempo para arranxalo, non como se fai agora eliminando toda a estrutura, agás a dirección. Tampouco está de acordo coa eliminación das observacións e detalla algunhas razóns. Na creación dunha praza no Campus de Ourense si coincide. Comenta sobre a creación da unidade do Campus da Auga. Sobre os complementos de dispoñibilidade horaria entende que xa estaban na RPT e está de acordo en como queda reflectido agora, aínda que no pasado cometeuse un erro sobre situacións semellantes que non se revisou nesta ocasión.

Carlos Mollinedo felicita a Luis Pérez pola súa detallada exposición e comenta que a maioría do que se pretende con esta modificación ten en realidade outra función. Alude brevemente a como foi o proceso xudicial aludido e as súas consecuencias. Entende que o informe negativo do Campus de Ourense é contundente e cre que non debe obter un voto favorable.

Marcos Estévez Orge defende a posición do comité de empresa de Pontevedra, cuxo informe foi positivo, malia que consideraban mellorables certos aspectos da reforma. Comenta brevemente os distintos aspectos da mesma, e as súas consecuencias. Bota en falta un maior compromiso da Xerencia en concretas responsabilidades da área ATIC, que deberían ser negociadas. Sobre a regulación do convenio de dispoñibilidade horaria parécelle acaída. Compara a situación das conserxerías nos Campus de Pontevedra e Vigo coa do Campus de Ourense e pensa que se pode mellorar.

Xan Cebro á vista dos informes vaise abster na votación, dado que un é positivo e o outro negativo. Sinala o seu desacordo con Luis Pérez e comenta a súa visión da área ATIC, onde entende que debe facerse unha reestruturación seria e traballada. No marco de funcionarización pensa que debería facerse unha nova RPT unificada, cunha estrutura diferente para a área ATIC, como sucede noutras universidades. Na situación actual acadará a unificación do PAS no eido funcional. Cre que o reitor non debía traer a aprobación o informe, dado que non era obrigatorio. Reflexiona sobre o escrito da xunta de persoal que aprobou unha modificación da RPT no Campus de Pontevedra, que supoñía a unificación do posgraio neste Campus. Sorprendeulle que esta modificación non fora incluída e solicita a unificación e o mesmo criterio para os tres Campus.

A xerente responde que a mediación podería terse aprobado por resolución reitoral pero, por razóns de transparencia, tróuxose a este Consello. Explica como aconteceu o proceso xudicial e as súas consecuencias neste asunto, sobre as responsabilidades da área ATIC. A proposta é un comezo para reorganizar a área pouco a pouco. Asume que caben outras posibles solucións de cara ao futuro. Insiste en continuar negociando para recoller todas as inxerencias mostradas. En relación coa observación de Xan Cebro, entende que debe facerse un estudo mais pormenorizado deste asunto, en relación coas cargas de traballo, e pide un pouco máis de tempo.

Luis Pérez responde a Xan Cebro entendendo que todos os servizos son transversais, non só as ATIC e amósase disposto a negociar outras estruturas co goberno da Universidade. Limitouse a expoñer as razóns do informe negativo. Sobre a funcionarización, entende que no informe presentado a Xunta se fala de que a supresión de responsabilidades se poidan reflectir de outro xeito. Pensa que a súa posición é clara e amosa o seu desacordo co exposto por Xan Cebro. Podería terse presentado outro tipo de estrutura, en relación coa área ATIC. Lembra outro aspecto técnico relativo ao concurso xudicializado, que foi o que provocou o seu rexeitamento. Finaliza lembrando as amortizacións que houbo no Campus de Ourense en 2016, o que ten agora consecuencias e explica a creación dunha praza agora.

Xan Cebro responde á Xerencia que convén distinguir o estudo das cargas de traballo (número de efectivos) das responsabilidades, dado que son aspectos diferentes, en relación coa solicitude presentada no Campus de Pontevedra, e lembra o acordo acadado na comisión de funcionarización. Insiste no crucial traballo transversal da área ATIC e pide a Luis Pérez que compare a súa estrutura coa que existe na Universidade da Coruña, por exemplo, onde as funcións e responsabilidades están ben delimitadas. Pensa que a funcionarización, da man dunha nova RPT, producirá cambios moi positivos. Luis Pérez responde que aquí non fala de crecemento, se non de decrecemento.

A xerente insiste en que as responsabilidades que agora se eliminan poderán recuperarse nunha nova RPT. Pide o voto favorable ao Consello de Goberno para poñer en bo camiño a reorganización da RPT tras a súa negociación.

O reitor lanza a pregunta para a votación.

- Votos a favor: 31
- Votos en contra: 0
- Abstencións: 10

Apróbase por maioría a modificación proposta.

**6. Elección de representantes na Comisión de Prácticas Externas: 2 coordinadores de prácticas externas; 1 PAS da unidade de xestión administrativa de prácticas dos centros; 1 estudante.**

O reitor informa de que se presentaron as seguintes candidaturas:

Coordinadores de prácticas externas: 2 postos vacantes

- Manuel Ángel Pombal Diego. Ámbito científico.
- María del Mar García Señorán. Ámbito Xurídico-Social.

Non é preciso celebrar eleccións.

PAS das unidades de xestión administrativa de prácticas: 1 posto vacante

- Julia Mencía Castro. Xefa da Área de Apoio á Xestión de Centros e Dptos. na Escola de Enxeñaría Industrial.

Non é preciso celebrar eleccións.

Estudantes: 1 posto vacante

- Antonio Manuel Ramos Vázquez. Escola de Enxeñaría Industrial.

Non é necesario celebrar eleccións.

Quedan elixidas as persoas que presentaron candidaturas.

**7.- Elección de representantes na Comisión de Estudos Propios: 1 estudante**

O reitor informa de que non se presentaron candidaturas.

**8.- Elección de representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico, 1 estudante do ámbito de Humanidades.**

O reitor informa de que non se presentaron candidaturas.



## **9. Quenda de intervencións.**

O reitor abre a quenda de intervencións.

Pedro Carro comenta que na web da UVigo figuran varios cargos en comisións con persoas que xa deixaron as súas carreiras hai anos, como Óscar Moldes ou Paula Rivera, que de feito figura como representante do estudiantado. Poderíanse actualizar? O reitor comenta que se procederá á actualización.

Emma Torres lamenta a falla de vacinación ao profesorado universitario, en comparación co profesorado de primaria ou secundaria. O reitor comenta que foi unha petición da CRUE e que a resposta foi negativa por parte do ministerio. Estase a valorar de cara á celebración da ABAU. Intentará volver a pedilo na CRUE.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:15 h. do día 14 de maio de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral